

INFORME DOS SERVIZOS XURÍDICOS SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, POR UNHA CRTVG AO SERVIZO DO POBO

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a Proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo (doc. R.E. núm. 10918, do 11 de setembro de 2024), cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, o disposto na Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

A finalidade da proposición de lei é «*garantir uns servizo público audiovisual e a existencia dunha verdadeira radiotelevisión pública galega*».

Tendo en conta que:

- a) A súa regulación afecta á materia relativa a radio e televisión, verbo da que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia de desenvolvemento lexislativo e a execución, consonte o disposto no artigo 149.1.27.º da Constitución española (SSTC 21/1988 e 168/1993) e no artigo 34.1 do Estatuto de autonomía de Galicia (art. 3 da Lei 7/2015, do 7 de agosto).
- b) O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei preséntase por dezanove persoas que constitúen a comisión promotora, que figuran identificadas polos seus nomes, apelidos, DNI, enderezo e sinatura.
- c) A solicitude leva unha exposición de razóns que aconselle a aprobación da proposición de lei [art. 4 b) da Lei 7/2015].
- d) Achégase unha declaración por parte das persoas que integran a comisión promotora de non estaren incurso nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto (art. 5 da Lei 7/2015, do 7 de agosto).
- e) Achéganse as certificacións das correspondentes delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral acreditativas da veciñanza administrativa e inscrición no censo electoral da Comunidade Autónoma de Galicia de dezasete das dezanove persoas promotoras (art. 5 da Lei 7/2015, do 7 de agosto).

Conclusión

A Proposición de lei de iniciativa popular presentada pola comisión promotora integrada por dezasete membros que cumpren os requisitos legais para formar parte dela e que supera o mínimo de dez persoas legalmente requirido, pode continuar coa súa tramitación.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Polos Servizos Xurídicos



PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZOS XURÍDICOS